



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo social e cooperación ao desenvolvemento

Materia	Traballo social e cooperación ao desenvolvemento			
Código	O05G220V01905			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Salgado Rodríguez, Eva María			
Profesorado	Salgado Rodríguez, Eva María			
Correo-e	evasalgadorguez@hotmail.com			
Web				

Descrición xeral

A Cooperación Internacional para o Desenvolvemento supón, hoxe en día, a maior innovación formativa dentro do Traballo Social, ademais de contar cunhas amplas posibilidades de emprego. Os complexos retos da Cooperación van asociados á pobreza global (e local) e a estar cada vez máis presente nas axencias, gobernos, ONGD's, organización académicas e tecido industrial. Esta materia demanda un pensamento crítico cara o neoliberalismo, o capitalismo salvaxe, as desigualdades nos Hemisferios Norte e Sul, o Imperialismo, a Neo-colonización (..) e sobre todo busca solucións pacíficas e construtivas dende a aprendizaxe e a toma de conciencia. A materia pretende profundar en aspectos como: Desenvolvemento, Xénero, Relacións Norte-Sul, Xustiza Social-Dereitos Humanos. Máis aló do estudo, trataremos de impulsar dende as aulas un pensamento crítico, audaz, dando a coñecer o desenvolvemento das comunidades e poboacións indíxenas doutras latitudes, novos saberes e aportes, preparándonos para traballar sobre o terreno e en equipos interdisciplinares de cooperación.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais

B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
É capaz de describir os conceptos propios da cooperación ao desenvolvemento e de realizar un análise crítico dos enfoques e das teorías do desenvolvemento.		B2 B3
Diferencia os distintos axentes de cooperación ao desenvolvemento, a nivel internacional, nacional, autonómico e local, a axuda oficial ao desenvolvemento, os tipos/modelos de cooperación e a participación da sociedade civil na cooperación ao desenvolvemento ou axuda non oficial ao desenvolvemento.		B2
Coñece e identifica as características principais e os espazos de intervención do traballo social no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6
Coñece e é capaz de aplicar a xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e da perspectiva de xénero. Verifica fases, criterios e prioridades. É capaz de participar en equipos interdisciplinares.		
Identifica e valora as necesidades e opcións posibles para orientar programas de cooperación ao desenvolvemento acordes coas lóxicas culturais da poboación aos que se dirixan.		

Contidos

Tema	
BLOQUE 1. ASPECTOS INTRODUCTORIOS. NOCIÓNS BÁSICAS FUNDAMENTAIS.	Tema 1. Aproximación aos marcos contextuais da cooperación ao desenvolvemento: globalización e relacións norte-sul. Pobreza e conceptos asociados, igualdade e desigualdade. Tema 2. Cuestións conceptuais: cooperación ao desenvolvemento, desarrollo comunitario e humano. Fundamentos da cooperación para o desenvolvemento. Evolución histórica, enfoques e teorías.
BLOQUE 2. OS INSTRUMENTOS DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO.	Tema 3. Tipos de cooperación ao desenvolvemento: A Axuda Oficial ao Desenvolvemento. Os instrumentos da Axuda Oficial ao Desenvolvemento: A Cooperación Bilateral e a Cooperación Multilateral. Os actores da axuda: Institucións e administracións públicas, Organizacións intergubernamentais, Organizacións Non Gubernamentais para o Desenvolvemento.
BLOQUE 3. MARCO NORMATIVO. O SISTEMA ESPAÑOL DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO. CONTEXTUALIZACIÓN NA C.A. GALEGA.	Tema 4. O Sistema Español da Cooperación Internacional ao Desenvolvemento. Lei Española de Cooperación Internacional. Plan Director da Cooperación Española. Tema 5. Contextualización na Comunidade Autónoma Galega. O III Plan Director de Cooperación Galega. A Coordinadora galega de ONGs para o desenvolvemento.
BLOQUE 4. O TRABALLO SOCIAL NA COOPERACION INTERNACIONAL E A XESTION DE PROXECTOS SOCIAIS EN COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO	Tema 6. Ámbitos de intervención do traballo social en cooperación ao desenvolvemento: sensibilización nos países do norte e intervencións de cooperación nos países do sul. Deseño e xestión de proxectos sociais de cooperación ao desenvolvemento. Financiación da cooperación ao desenvolvemento: organismos nacionais, europeos e internacionais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	20	34
Traballo tutelado	20	20	40
Metodoloxías baseadas en investigación	10	35	45
Exame de preguntas obxectivas	1	30	31

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.
Traballo tutelado	En pequeno grupo o alumnado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre un dos ámbitos da cooperación para o desenvolvemento no traballo social. Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización nun país en vías de desenvolvemento, redacción. Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo e supervisión de traballos.
Metodoloxías baseadas en investigación	Traballo persoal do alumnado. Exposición por parte do alumnado ante a docente e o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán ao alumnado. Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Traballo tutelado	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Metodoloxías baseadas en investigación	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.	0	
Traballo tutelado	Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo. Titorías grupais: supervisión de traballos.	30	
Metodoloxías baseadas en investigación	Traballo persoal dos e das estudantes. Exposición por parte do alumnado ante a docente e o grupo dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán e explicarán ao alumnado. Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.	30	
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita de carácter individual que avalía contidos de varias metodoloxías e encárgase dos elementos conceptuais da materia. As preguntas poderán ser tipo test con dúas alternativas de resposta ou pregunta corta. Dita proba cualificarase de igual xeito para asistenciais e non asistenciais.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

- A avaliación das/os estudantes matriculadas/os na materia farase atendendo aos criterios explicados na guía docente.
- A avaliación continua implica unha asistencia mínima a un 80% das aulas
- A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido.

Avaliación global:

- Proba, práctica, exercicio, presentación etc en formato de traballo tutelado. (30%)
- Proba, práctica, resolución, etc en formato de metodoloxías baseadas na investigación (30%)

· Proba, práctica, resolución, exame de preguntas tipo test ou de pregunta curta de desenvolvemento (40%)

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (2ª oportunidade)

As probas (parte teórica o parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, no serán obxecto de avaliación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese cursos académico. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª oportunidade, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria extraordinaria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sotillo, José Angel., **El sistema de cooperación para el desarrollo.**, 2011,

Gascón, Jordi., **El turismo en la cooperación internacional. De las brigadas internacionalistas al turismo solidario.**, 2009,

Izquierdo Collado, J.D., **Cooperación al desarrollo y trabajo social.**, 2007,

GÓMEZ GALAN, MANUEL; SANAHUGA, JOSÉ ANTONIO (COORDS.); SOBRINO, JOSE MANUEL; LASAGNA, MARCELO; REY., **La cooperación al desarrollo en un mundo en cambio. Perspectivas sobre nuevos ámbitos de intervención.**, 2001,

Bibliografía Complementaria

ARUNDATHI_ROI.,

RTI<http://www.economiasolidaria.org/las-economias-feministas/noticias/materiales-para-un-confinamiento-en-clave-de-economia-feminista>, 2021,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Inglés para traballadores/as sociais/O05G220V01902

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Traballo social grupal e comunitario/O05G220V01604

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS)